

# IMPORTANTE! METODOLOXÍA QUE SE EMPREGARÁ E MINIGUÍA PARA O USO DA AULA VIRTUAL

Tendo en conta as dificultades que estades tendo para comprender a metodoloxía que imos empregar e para o uso da aula virtual, fixen esta miniguía. Aínda que non vos atopades con ningunha dificultade, prego que leades a guía. Sempre pode haber algunha utilidade que descoñezades.

## 1. Acceso á aula virtual:

Entrando na web do IES Fraga do Eume, no menú de enriba, hai que ir ó apartado [Aula virtual](#).



Despois compre poñer o usuario e o contrasinal. Se non te lembras, contacta comigo á maior brevidade posible no email [patricia.fraga.eume@gmail.com](mailto:patricia.fraga.eume@gmail.com)

Xa na aula virtual, accédese ó curso axeitado (Matemáticas ESO-Matemáticas 1ESO 19/20 ou Matemáticas 2ESO 19/20. Matemáticas Bacharelato-Matemáticas I 2019-2020)

## 2. Metodoloxía que se empregará na materia de matemáticas:

Unha vez dentro da aula virtual e do curso, iremos ó último apartado: **CLASES VIRTUALES**. Será nese punto onde se colgue toda a información.

O xeito de traballar será como segue:

## CLASES VIRTUALES DEL 16 AL 27 DE MARZO



### INSTRUCCIONES GENERALES

Foro de novedades

Foro de dudas

Vídeo. Propiedades de las potencias

Vídeo de repaso. Operaciones con números enteros

REPASO NÚMEROS ENTEROS Y POTENCIAS

ENTREGA NUM. ENTEROS Y POTENCIAS.

Fecha tope de envío el Lunes 23. Si no os deja enviarlo por el tamaño, enviadlo a [patricia.fraga.eume@gmail.com](mailto:patricia.fraga.eume@gmail.com).

JUEGO 1. Por si quieres entretenerte

Entrega de actividades interactivas voluntarias

Mira el foro de novedades para saber cuáles tienes que hacer

REPASO 2

ENTREGA REPASO 2

Fecha tope de envío Miércoles 25

Indicacións do que hai que facer. A consultar tódolos días

Pregunta tódalas dúbidas

Explicacións


Exercicios a realizar


Entrega dos exercicios e fecha tope



- ✓ **As indicacións** do que tes que facer a porei no **FORO DE NOVEDADES**. Este tense que consultar moi a miúdo (mellor tódolos días) para seguir a marcha do curso de xeito satisfactorio.
- ✓ **As dúbidas** telas que preguntar no **FORO DE DUDAS**. De xeito privado fase por mensaxería interna (tal como expliquei no apartado INSTRUCCIONES GENERALES) ou por email [patricia.fraga.eume@gmail.com](mailto:patricia.fraga.eume@gmail.com).
- ✓ **Para facer as actividades** propostas:
  - Se é preciso, poñerei as **explicacións** en vídeo 📺 ou nun documento PDF. Debedes visualizalo antes de facer as actividades.
  - Subirei un documento PDF 📄 ou similar cas **actividades** a realizar.
  - Activarei a **entrega** desas actividades 📁. Marcarei a fecha tope de entrega debaixo para que non se vos pase.

✓ Engade a entrega da tarefa do seguinte xeito:

- Accede a entrega da tarefa  e preme no botón de engadir entrega



Página principal ▶ Os meus cursos ▶ Matemáticas ▶ Matemáticas ESO ▶ 1ESO 19/20 ▶ ENTREGA NUM. ENTEROS Y POTENCIAS.

**ENTREGA NUM. ENTEROS Y POTENCIAS.**


Fecha tope de envío el Lunes 23. Si no os deja enviarlo por el tamaño, enviado a [patricia.fraga.eume@gmail.com](mailto:patricia.fraga.eume@gmail.com).

**Estado da entrega**

Número do intento	Este é o intento 1.
Estado da entrega	Sen intentos
Estado das cualificacións	Sen cualificar
Data límite	Domingo, 22 de Marzo do 2020, 00:00
Tempo restante	2 días 8 horas

**Engadir entrega**  
Facerlle cambios á súa entrega

- Arrastra os ficheiros e, **IMPORTANTE, dalle ó botón de gardar cambios**. Se este paso non se fai a tarefa queda sen entregar. Se non permite subir os arquivos debido ó tamaño dos mesmos, podes enviarlos a [patricia.fraga.eume@gmail.com](mailto:patricia.fraga.eume@gmail.com)



Página principal ▶ Os meus cursos ▶ Matemáticas ▶ Matemáticas ESO ▶ 1ESO 19/20 ▶ ENTREGA NUM. ENTEROS Y POTENCIAS. ▶ Editar o meu envío

**ENTREGA NUM. ENTEROS Y POTENCIAS.**

Fecha tope de envío el Lunes 23. Si no os deja enviarlo por el tamaño, enviado a [patricia.fraga.eume@gmail.com](mailto:patricia.fraga.eume@gmail.com).

**Entregas de ficheiros**

Tamaño máximo para os novos ficheiros: 1MB, número máximo de ficheiros anexos: 3


Ficheiros

reparo 2.pdf

**Gardar os cambios** Cancelar

- ✓ **IMPORTANTE corrección da tarefa**. Unha vez remate o prazo de entrega, compre que entres na tarefa para ver as correccións. Mandarei ficheiros (PDFs) adxuntos e farei comentarios. É posible que, no caso de que a tarefa estea mal realizada, pida que se mande de novo. **Aínda que a tarefa se envíe por email, a corrección da mesma estará dispoñible na aula virtual.**

### Estado de la entrega

Estado de la entrega	Enviado para calificar
Estado de la calificación	Calificado
Fecha de entrega	miércoles, 15 de agosto de 2018, 00:00
Tempo restante	La tarea fue enviada 6 días 12 horas antes
Última modificación	miércoles, 8 de agosto de 2018, 11:24
Archivos enviados	 eMOOCs_2017_ES.pdf  Turnitin ID: 988422117 17%
<b>Comentarios de la entrega</b>	▶ Comentarios (0)